# O LANZAL

REVISTA ANUAL DO C.E.I.P. O POMBAL CURSO 2007/08

## MONOGRAFICO:

## VIAXA POLO MUNDO COS LIBROS





Se lé poesía mèdrarás un pouca máis cada día



Mobles novos



Exposición leva

a Paz cos libros





Hora de Ler



Manuel Soilla



Lois e Iria (Kalandraka)



Hora de Ler



Berxamin Novoa



Pérez



Asoc. Teatral Paso De Valverde



Primavera



Iago (Xerais)



Latras Galegas





Mobles Novos



Servando (Everest)



Castana Viaxeira



Inauguracion

# SUMARIO


- Editorial — páx. 2
- Voar con ilusión — pax. 3
- O camión dos contos — páx. 4
- Viaxando polos contos atopamos... — páx. 5-6
- Viaxamos a feira de Monterroso con... — páx. 7
- Fixemos unha viaxe a través dos sentimentos — páx. 8
- Coa lectura e a imaxinación... — páx. 9
- Viaxo e aprendo poemas — páx. 10
- Viaxe polas letras galegas — páx. 11
- Sabías que... — páx. 12
- Viaxamos coa imaxinación — páx. 13
- Viaxe por Vigo — páx. 14
- Unha viaxe familiar — páx. 15
- Viaxaron, Viaxamos — pax. 16
- Viaxamos coa música — páx. 17-18
- Viaxamos pola historia: Reconquista de Vigo — páx. 19-20
- Unha viaxe á Coruña — páx. 21
- Unha viaxe fantástica — páx. 22
- As viaxes na clase de relixión — páx. 23-24
- We travel! (¡Viaxamos!) — páx. 25-26
- Viaxando polo cine cos musicais — páx. 27
- O ANPA tamén viaxa — páx. 28




# EDITORIAL

## "VIAXA POLO  COS  "

Como un ano máis, dende a biblioteca do cole, propuxemos facer as maletas e marcharnos tod@s de viaxe; por iso a entrada da biblio convertiuse nunha gran maleta que nos leva ao mundo dos libros.

"Gracias a estes pequenos ortoedros de papel, aliñados nos estantes e tan semellantes entre sí, cheos a súa vez de diminutos garabatos que se repiten monótonamente como inmóbiles procesións de formigas, conseguimos viaxar a outros mundos.

Os libros son en realidade cofres de tesouros que ao abrilos derraman no noso interior resplandecentes xemas, países das marabillas, lugares fantásticos,...

Despois de descubrir que os libros non son todos iguais, podemos concluir que só A CULTURA NOS FAI LIBRES; E SÓ A LECTURA NOS FAI CULTOS".

Carlo Frabetti

**BOA VIAXE E BOAS LECTURAS.**





EQUIPO DE BIBLIOTECA


NESTE CASTELO IMAXINARIO
DEIXAMOS VOAR CON ILUSIÓN.
OS CONTOS DOS NOSOS AVIÓNS.
E.I. A
3 ANOS


THE FLINTSTONES
Land
A GATA PIRATA
A CABEZA MAXICA
A BUFANDA VERDE
3 anos B


Viaxando polos contos
atopamos a carapuchiña
xogando as agachadas co lobo

4 ANOS "A"

# VIAXAMOS CO CONTO DE CARAPUCHIÑA



4 ANOS "B"


NA CLASE LEMOS
OLIBRO DEREMOLDIÑO
Remoldiño vai á feira
E "UIAXAMOS"
A FEIRA DE
MONTERROSO
INFANTIL
5 ANOS "A"


ANTIPATÍA
BOCHORNO
CELOS
DESILUSIÓN
JÚBILO
IRA
LIBERTAD
FIXEMOS UNHA VIAXE
A TRAVÉS DOS
SENTIMENTOS
PARA COÑECELOS
MORRIÑA
NERVIOSISMO
ODIO
REMORDIMIENTO
TIMIDEZ
VAGANCIA
5 ANOS B

Raquel 1ºA Coa lectura e a imaxinación poño os cabalos en acción




Viaxe "en el país de los sueños" polos contos



# VIAXO E APRENDO POEMAS



Polo laranxal
tres avelaíñas andan a voar
Unha, dúas, tres,
de présa que voan; vense e non se ven.



Polo laranxal
tres avelaíñas andan a chuchar.

Unha, dúas, tres
de tanto que chuchan borrachas de mel.

¡Caídas no chan,
tres avelaíñas polo laranxal!



**Xosé María Álvarez Blázquez**

Copiado e ilustrado por 1ºB



¡¡¡VIAXE POLAS LETRAS GALEGAS!!!

*Breve Biografía:* **Coñeceremos ao autor homenaxeado ó día das Letras Galegas**

Uxía 1ºB

Xosé María Álvarez Blázquez



① *Eran 6 irmáns*



*Na guerra morreu o seu pai e un primo.* ②



*Durante algún tempo foi difícil ser escritor en galego.* ③

*Adicoulle un libro a súa filla "Colorín"* ④




*Tivo unha librería e unha Editorial en Vigo* ⑤



*Morreu en Vigo, no Hospital Xeral* ⑥





1º B

Sabías que...

## Xosé María Álvarez Blázquez

Naceu en Tui no 1915. *"Eramos 6 irmáns á mesa que co noso pai sumábamos 7 varóns, faladores, atentos a vida. Nosa nai no medio miúda, fermosísima, risoña...* Con 14 anos xa escribía poemas.



Estudou para mestre. Na guerra (1936) mataron ao seu pai e ao seu primo.. A el desterraronno a Zamora. Despois vive en Vigo.




A posguerra foi un tempo de enorme dificultade para a expresión en galego.En 1946 Casou con María Luisa Cáccamo.El non volve a publicar en galego ata o ano 1949 no que sae a luz o seu poemario "poemas de ti e de mín"




Tivo 6 fillos. En 1950 publica o seu segundo libro de poemas en galego "Roseira do teu mencer" adicado á súa primeria filla, María Luisa, "Colorín".




Cun amigo abre unha libreria en.Vigo no 1948 e dous anos despois, co seu irmán, funda a editorial Castrelos. Empeza unha intensa labor como investigador literario, etnógrafo e arqueólogo. Publica 2 libros sobre Vigo. Escribe no FARO de VIGO.




No 1971, vende esta editorial a Galaxia. No 1971 publica "A pega rabilonga e outras historias de tesouros" En 1976 é nombrado cronista oficial de Vigo, polo o seu inmenso traballo sobre a cidade..Foi membro da R.A.G. Morre en Vigo en 1985, no Hospital Xeral




Carolina 6°B


Viaxamos coa imaxinación
Inventa
Meus amigos os....
2ºA

# 2ºB VIAXE POR VIGO

A cidade de Vigo
Onde nós vivimos
é tan bela coma unha rosa
as súas árbores son esmeraldas.
O seu mar é tan azul
que o ceo sente envexa.
As plantas non paran de medrar
coa choiva de diamantes,
resplandecentes co sol,
asómbranos un arco da vella
feito de luminosas cores.
Ah! Estas postas de sol do noso Vigo!
E os seus museos?
gardan tantos tesouros!
Que xente a de Vigo! É xenial!

Os nenos/as de 2º B





# unha viaxe familiar



Neste colexio convivimos nenos e nenas de moitos países distintos. Un destes nenos vainos contar a viaxe que fixo este ano para ver aos seus familiares.

–¡Ola son Adriel e teño 9 anos.

A miña viaxe comenzou cando soñei que estaba viaxando, pero fixose realidade.

Estaba nun avión.

Eu preguntei ¿Onde es estou? O meu pair respondeu –¡En Sao Paulo! Cando aterrou o o avión vin a uhha muller. Meu pai díxome: –a túa tía.

Fomos á súa casa. En Cuiaba pasei dez dias e meu primo tamén queria ir.

Despois fun nun iate. Pasino moi ben no ite unha a etaba ma. Collimos otro avio e aqui etou España

3ºB

# VIAXAMOS

Na nosa clase algúns compañeiros fixeron unha longa viaxe para chegar até aquí.

Os pais de Willi de Uruguai



Damián da illa de Cuba



Erik desde Colombia



Eddit do Brasil



Os demais viaxamos a lugares lonxanos na compañía dos libros



3°A

1ª Saída VIAXAMOS COA MÚSICA



OS INSTRUMENTOS TRADICIONAIS




2ª Saída

GAITEIROS DA XISTRA



Teatro musical

Viaxamos respetando as normas de tráfico.

4ºA-B

## Sonidos de la Tierra
## Conciertos didácticos

3ª Saída



| TEMA | ORIGEN |
|---|---|
| Soul Drums | Gran Bretaña |
| Sueños Diabólicos | Perú |
| El Cóndor pasa | México |
| Cielito Lindo | Europa del Este |
| Danza Húngara nº5 de Johannes Brahms | |
| Koriomale | África Occidental |
| Fruit Salad | Norte de África |
| Zorba el Griego | Grecia |
| Tierra a la vista | Península Ibérica |
| Cinco Notas | Asia |
| Volver | Argentina |
| Camino del Colorado | Estados Unidos |



4º A-B


Viaxamos pola Historia
ReconquIsta de Vigo
Foi en tempos moi lonxanos.
Poucos conservan memoria
Pero imoslle intentar
dar forma a esta historia.
Con gran ruido de tambores,
sabres e tiras, ás veces.
Non esperaban en Vigo
a chegada dos franceses.
N
E por moito que porfían
os da Milicia honrada,
como van tan desarmados,
réndense sen facer nada.
Afíanse as gadañas.
Rolan fouces e machadas.
Os franceses non se enteiran.
Taise todo ás agachadas.
5ºA
5ºB


VIGO XA NON ESTÁ SÓ.
ORGANÍZANSE OS VECIÑOS.
DE VALADARES A BOUZAS
VANSE ENCHENDO OS CAMIÑOS.
OS VECIÑOS REXUNTARON
FORZAS PARA A BATALLA,
E ATACARON TODOS XUNTOS
AS PORTAS E A MURALLA
HEROES
CACHAMUIÑA
NACERON HEROES.
CACHAMUIÑA E CAROLO.
UN POR LEVAR TRES BALAZOS.
OUTRO POR FACER O TOLO
OS FRANCESES EXPULSADOS
POLA LAXE, CARA O MAR.
E OS DE VIGO, VENCEDORES,
ENTRAN POR FIN NA CIDADE
5.os
A.B

# Unha viaxe á Coruña

## Maio 2008



# UNHA VIAXE FANTÁSTICA

O 27 de Xaneiro do ano pasado estaba planeando unha viaxe a Brasil. Fun á axencia de viaxes, e díxenlle a unha axente:

-Quixera ir a Brasil.

-¿Que quere ir a Bra qué?

-A Brasil, xa sabe ese país que está en América do Sur.

-Perdoe señora, ese país non existe.

-Claro que si, nel é moi famoso o carnaval de Río de Xaneiro.

-¿Vostede estame a tomar o pelo, verdade?Pois hoxe non é o día dos inocentes. Adeus.

E botáronme de alí. Eu estaba sorprendida, como me ían dicir que Brasil non existía se estivera todo a miña vida oíndo falar dese país.Funme á miña casa decepcionada.

Despois dunha semana, en carnaval, estaba a dar un paseo e un home díxome mentres me entregaba un obxecto:

-Dixéronme que querías ir ó Brasil e dixéronche que non existía.Toma esta figuriña e cúidaa ben.

O home saiu correndo sen dicir nada máis. Eu gardei a figura sen vela e funme á miña casa. Aquela era unha figura que poñía: "Brasil", e representaba a cabalgata do carnaval de Río de Xaneiro. No medio había un extraño botón, pulseino e... de repente etaba de verdade no carnaval de Río de Xaneiro. Alí paseino xenial, cantei , bailei , xoguei... Fun as súas estupendas praias e paseei polas rúas. Ao final, apretei outra vez o botón e volvín á miña casa. Cada vez que teño ganas de ir ó Brasil pulso o botón da preciosa figuriña. Pregúntome quen era aquel extraño home que me entregou ese obxeto por qu e grazas a el, !tiven as mellores vacacións da miña vida!




Ainoa, Lázaro
Guillermo
e Xabier.
6°B

# As viaxes na clase de Relixión

Nas clases de Relixión tamén fixemos as maletas e nos marchamos de viaxe.

No Nadal viaxamos por diferentes países para ver quen trae os agasallos cada Nadal (Fada Morgana en Italia, Reis en España,...) e como celebran estas festas en diferentes partes do mundo (en Brasil é verán e van a praia...)







O 30 de Xaneiro celebramos o Día Escolar pola Paz e aprendimos a dicir PAZ en diferentes idiomas (Albanés:Paque...)

E traballamos dous libros que falan de PAZ.



¿Como se di PAZ no mundo?



Libros traballados en Ed. Infantil



Libros traballados en Primaria

Nas aulas de Ed. Infantil, Lanitas e o neno Xesús, leváronnos a coñecer outras culturas.







AULA DE RELIXIÓN

Aproveitamos as clases de informática para viaxar a través de diferentes relatos da Biblia, por exemplo, estivemos con Moisés cando o recolleron do río.







Exercicios coa Pizarra Dixital

E para rematar a viaxe, cos maiores buscamos información sobre as relixións monoteístas máis importantes, e despois de expoñer o noso traballo poidemos xogar con todos os xogos que organizou cada equipo.









AULA DE RELIXIÓN

# WE TRAVEL! (¡Viaxamos!)





Travel machine

**Coñecemos algo de Irlanda e os Irlandeses a través dos nenos cos que nos carteamos.**



To: Conor and Cathal
From:
5th class
Class 5°B

Wednesday 23rd January. Winter

Dear Conor and Cathal. My name is
I am 10 years old. I'm from Galicia. I live in Vigo. I have got 1 brother, 0 sisters. I like the fried eggs. I don't like
My favourite football player is Messi.

My description: I am tall and thin

Bye, bye.

Os nosos "Pen pals" en Irlanda falan:

| Inglés (English) | Irlandés (Irish) |
| --- | --- |
| These are my farm and my house | So mo fierm agus mo thigh |
| My friends | Mo chairde |

ENGLISH AULA DE INGLÉS

Viaxamos a Estados Unidos da man de Laura

Greetings from the USA










This is Laura. She is from Lincoln the capital of Nebraska (USA). She lives in a big house. It has got six rooms and a garden. In Nebraska it snows in winter. She likes spanish ham. They eat corn. It is the typical food.



← Corn on the cob




Nebraska was indian land.







Buffalos live in Nebraska.






ENGLISH
AULA DE INGLÉS

# VIAXANDO POLO CINE COS MUSICAIS

Este curso e aproveitando que o tema elexido para dinamizar todas as actividades do colexio foi a das viaxes, dende a Aula de Música propuxemos para o Entroido unha viaxe a través do cine, concretamente do cine musical.

Os máis pequerrech@s do colexio convertironse por un día en magníficos Aprendices de Bruxo, recordando a maravillosa escena de Mickey na película FANTASÍA. Daba gusto vel@s a tod@s vestid@s cos seus gorros e traxes azuis e luvas brancas.





En 1º e 2º de Primaria a película musical elexida foi CANTANDO BAIXO A CHUVIA. Tod@s @s nen@s destes cursos vestid@s con impermeables, botas de chuvia e paraugas bailaron ao son desta coñecida canción. O mismísimo Gene Kelly quedaría abraiado coa versión que fixeron dunha das escenas máis coñecidas do cine musical.

No 2º Ciclo, 3º e 4º de Primaria, MARY POPPINS foi a película elexida. Os nenos vestidos de deshollinadores e as nenas de Mary Poppins recrearon dúas das cancións mais coñecidas da banda sonora deste musical: "Supercalifragilistico",... e "Chim, chimney". Paraugas e fregonas invadiron o patio co seu movemento por un momento.






En 5º e 6º de Primaria o musical GREASE convertiu aos rapaces en auténticos John Travolta e en auténticas Olivia Newton John. Os nenos coas súas cazadoras, gafas de sol e peinados e as nenas coas súas faldas espectaculares trasladáronnos a esa época emblemática.




Foi unha viaxe a través dos musicais de catro épocas doradas do cine.

O A.N.P.A TAMEN VIAXA

¿ CANDO NOS IMOS ?

¿ PRA ONDE IMOS, DE DONDE VIMOS ?

POIS DO POMBAL A PRAIA.

¡ VAITE TI !

¡ MELLOR NOS TAMEN IMOS !

¡ QUE DISFRUTEDES DAS VACACIONS !

¡ FELIZ VERAN !





**VIAXE A ÍTACA:**

Cando emprendas a túa viaxe a Itaca
pide que o camiño sexa longo,
cheo de aventuras, cheo de experiencias.
Non temas aos lestrigóns nin aos ciclopes,
Nin ao colérico Poseidón.

Seres tales non atoparás no teu camiño,
se o teu pensar é elevado, se é selecta
a emoción que toca o teu espírito e o teu corpo.

Nin aos lestrigóns nin aos ciclopes
nin ao salvaxe poseidón atoparás,
si non os levas dentro da túa alma,
si non os ergue a túa alma diante de tí.

Pide que o camiño sexa longo.
Que sexan moitas as mañás de verán
en que chegues -¡Con qué pracer e ledicia!-
a portos antes nunca vistos.

C.P. Cavafis (Poeta nado en Alejandría (Exipto) -1863/1933- )

COLEXIO PUBLICO POMBAL

Educámonos na Libertade para a Paz